



COLEXIO PROFESIONAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DE PONTEVEDRA

ESTATUTOS DOS COLEXIOS PROFESIONAIS DE DELINEANTES

Real Decreto polo que se aproban os Estatutos dos Colexios Profesionais de Delineantes (BOE nº 29, do 2 de febreiro de 1979)

MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS E URBANISMO

REAL DECRETO 3306/1978, do 15 de decembro, polo que se aproban os estatutos dos Colexios Profesionais de Delineantes.

O Real Decreto mil trescentos tres de mil novecentos setenta e sete, do dez de xuño, preceptúa que os colexios profesionais sindicais adaptarán os seus estatutos ós preceptos da Lei dous mil novecentos setenta e catro, do trece de febreiro, trala súa aprobación polo órgano estatutario competente.

En cumprimento do precepto anterior, a Asemblea Xeral do Colexio Profesional Nacional de Delineantes, en estreita colaboración co Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, redactou os presentes estatutos, nos que se trata con carácter xeral a problemática referida ó exercicio da profesión, ó Consello Xeral dos Colexios e ós propios Colexios, tendo en conta en todo momento o contido que a Lei de Colexios Profesionais establece.

En virtude disto, por proposta do ministro de Obras Públicas e Urbanismo e trala deliberación do Consello de Ministros na súa sesión do día quince de decembro de mil novecentos setenta e oito.

DISPOÑO:

Artigo único.- Apróbanse os adxuntos Estatutos dos Colexios Profesionais de Delineantes.

Dado en Madrid, quince de decembro de mil novecentos setenta e oito

JUAN CARLOS I
O Ministro de Obras Públicas e Urbanismo
JOAQUIN GARRIGUES WALKER